

APERTURA DE PRAZO PARA A COLABORACIÓN DE COMEDOR ESCOLAR. CURSO 2024/25

Anuncio da apertura do prazo de admisión de membros da comunidade educativa do CEIP PLURILINGÜE GREGORIO SANZ como **colaboradoras/es voluntarios** nas tarefas de atención e **apoio ao alumnado usuario** do **comedor escolar** durante o curso 2024-2025.

As nais, os pais, os/as titores/as legais e os/as acolledores/as familiares do alumnado deste centro que desexen, ao longo do curso 2024-2025, colaborar nas tarefas de atención e apoio aos escolares usuarios do comedor escolar, poderán apuntarse na secretaría do centro

O prazo para presentar solicitudes é do 1 ao 5 de xullo, pero permanecerá inicialmente aberto ata o día 9 de setembro de 2024, podéndose reabrir un novo prazo, de ser o caso, ata o 22 de decembro de 2024.

Durante o curso escolar 2024-2025 só se contará coa colaboración das persoas que figuren anotadas nestas listas ademais do profesorado que voluntariamente se presenta.

No caso de ser seleccionad@s polo Consello Escolar para o posto, deberán achegar a seguinte documentación:

- Carné de Manipulador/a de alimentos
- Certificación do Rexistro Central de delinquentes sexuais que acredite non ter sido condenado/a en sentenza firme por delitos sexuais.
- No caso de ser estranxeira, deberá achegar ademais un certificado negativo de antecedentes penais do seu país de orixe ou de onde é nacional, traducido ao galego ou castelán e legalizado de conformidade cos Convenios Internacionais en vigor, sempre respecto dos delitos aos que se refire o artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996.
- Copia do NIF/NIE.
- Certificación acreditativa dunha entidade financeira onde dispoñan de conta, aos efectos de poder realizarlles os correspondentes pagamentos.
- Para mais información poderán dirixirse ao centro ou contacto por teléfono .
982870703/04/05